



CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRI PAL 2018

INFORME FINAL

**CONTAXIA A TÚA
 ENERXÍA E NON
 A GRIPE**

Pide cita no teu centro de saúde

Se estás dentro dun grupo de risco
 VACÍNATE e evitarás as graves consecuencias da gripe.

A SAÚDE É O PRIMEIRO

**VACÍNATE DO
 22 DE OUTUBRO
 AO 28 DE DECEMBRO**

galicia o bo camiño

Infórmate en gripe.sergas.gal

C. 1735-2018

XUNTA DE GALICIA xunta.gal

SERVIZO GALEGO de SAÚDE





1. INTRODUCCIÓN

O virus da gripe infecta cada ano a un 10-15% da poboación, e causa unha elevada morbimortalidade, especialmente á poboación pertencente aos grupos de risco, que pode ser grave. Por isto, a Consellería de Sanidade realiza cada outono, desde hai 27 anos, a campaña de vacinación antigripal, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde.

O seu obxectivo primordial é ofertar, gratuitamente, a vacinación ás persoas de risco, co fin de reducir a morbimortalidade asociada, así como os custos socioeconómicos derivados do padecemento desta enfermidade. Indícase, tamén, aos profesionais sanitarios, tanto para evitar que se infecten (xa que están máis expostos) como para evitar que lles poidan transmitir a enfermidade aos seus pacientes de risco.

A campaña desenvólvese habitualmente entre outubro e decembro, para poder conseguir unha adecuada protección da poboación antes do inicio da circulación do virus. No 2018, a campaña levouse a cabo do 22 de outubro ao 28 de decembro, prorrogándose ata o 25 de xaneiro, cunha duración de 14 semanas, 4 máis que no ano precedente.

Entre as novidades desta campaña destaca:

- a posibilidade dos profesionais sanitarios do Sergas de vacinarse unha semana antes do inicio da campaña para a poboación xeral, medida que tivo unha moi boa acollida.
- a entrega dunha chapa a todos os profesionais vacinados, para visibilizar o seu compromiso.
- o emprego dunha vacina antigripal tetravalente en mulleres embarazadas e nos menores de 15 anos que presentaban algunha condición de risco.





- a mellora no sistema de información coa publicación durante a campaña de informes mensuais para o persoal médico e de enfermaría sobre a cobertura de vacinación antigripal na súa cota (a través do aplicativo WPRES).

A continuación, lémbrense os obxectivos da campaña do 2018, así como a poboación a quen foi dirixida.

OBXECTIVOS

a. Obxectivo xeral

Diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas do padecemento da gripe, tentando minimizar o impacto na saúde mediante a súa prevención.

b. Obxectivos específicos

Ofertar activamente a vacinación fronte á gripe para:

- ◆ Conseguir unha cobertura na poboación de 60 a 64 anos igual ou superior ao 35 %.
- ◆ Conseguir unha cobertura na poboación de 65 ou máis anos igual ou superior ao 65 %.
- ◆ Conseguir unha cobertura vacinal nos traballadores sanitarios do Servizo Galego de Saúde superior ao 40 %.
- ◆ Conseguir unha cobertura vacinal nas mulleres embarazadas igual ou superior ao 40%.

c. Obxectivos de xestión

- ◆ Conseguir que a porcentaxe de doses recollidas ao remate da campaña sexa menor dun 5 % das doses subministradas aos centros.



- ◆ Conseguir que a relación entre as doses rexistradas e as utilizadas sexa de máis do 97 %.

POBOACIÓN DIANA

No seguinte listado recóllese a poboación diana da campaña de vacinación antigripal:

a. Persoas con risco de complicacións

- ◆ Persoas de 60 ou máis anos, realizando especial fincapé na vacinación das persoas de 65 ou máis anos.
- ◆ Persoas de calquera idade residentes en institucións pechadas (residencias de persoas maiores e outros centros de atención a crónicos).
- ◆ Mulleres embarazadas en calquera trimestre da xestación.
- ◆ Nenos e adolescentes (de 6 meses a 18 anos) que reciben tratamentos prolongados de ácido acetilsalicílico, pola posibilidade de desenvolver unha síndrome de Reye.
- ◆ Persoas menores de 60 anos e maiores de 6 meses con algunha das seguintes patoloxías que presentan un maior risco de padecer complicacións derivadas da gripe:
 - Enfermidades do sistema cardiovascular.
 - Enfermidades respiratorias (inclúe asma, displasia broncopulmonar, fibrose cística...).
 - Enfermidades neurolóxicas.
 - Persoas con diabetes mellitus.
 - Persoas con obesidade mórbida (índice de masa corporal ≥ 40 en adultos, ≥ 35 en adolescentes ou ≥ 3 DS na infancia).
 - Enfermidade renal crónica e síndrome nefrótica.
 - Hemoglobinopatías e anemias.



- Hemofilia e trastornos hemorráxicos crónicos, así como receptores de hemoderivados e transfusións múltiples.
- Asplenia ou disfunción esplénica.
- Enfermidades hepáticas crónicas, incluíndo alcoholismo crónico.
- Enfermidades neuromusculares graves.
- Pacientes con inmunosupresión (incluída a causada pola infección por VIH, por fármacos – incluíndo tratamento con eculizumab – ou nos receptores de transplantes).
- Cancro e hemopatías malignas.
- Trastornos e enfermidades que implican disfunción cognitiva (síndrome de Down, parálise cerebral, demencias...).
- Persoas portadoras de implantes cocleares ou en espera.
- Persoas con fístulas de LCR.
- Enfermidade celíaca.
- Enfermidade inflamatoria crónica.

Nestes grupos debeu facerse un especial fincapé nas persoas que precisasen seguimento médico periódico ou os hospitalizados no ano previo.

b. Persoas que lles poden transmitir a gripe a persoas con alto risco de presentar complicacións

- ◆ Todos os traballadores de centros sanitarios, servizos e establecementos sanitarios, tanto de atención primaria como de especializada, públicos ou privados, con especial énfase naqueles que atenden a pacientes de alto risco.
- ◆ Estudantes en prácticas en centros sanitarios.
- ◆ Persoas que traballan en institucións xeriátricas ou en centros de atención a enfermos crónicos, especialmente as que teñan contacto continuo con persoas vulnerables.



- ◆ Persoas que proporcionan cuidados domiciliarios a pacientes de alto risco ou a persoas maiores.
- ◆ Membros da familia e conviventes (incluídos nenos) de persoas pertencentes a grupos de risco.

c. Outras persoas nas cales se recomenda a vacinación

- ◆ Persoas que traballan en servizos esenciais para a comunidade: forzas e corpos de seguridade do Estado, bombeiros, persoal de protección civil, emerxencias sanitarias, traballadores de institucións penitenciarias e outros centros de internamento por resolución xudicial (centros de acollida de inmigrantes...).
- ◆ Traballadores expostos directamente ás aves domésticas ou porcos nas granxas ou explotacións avícolas ou porcinas e tamén ás aves silvestres. A finalidade é reducir a oportunidade dunha infección concomitante de virus humano e aviario ou porcino, diminuindo a posibilidade de recombinación ou intercambio xenético entre ambos os virus.



2. AVALIACIÓN DA CAMPAÑA SEGUNDO OS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PROPOSTOS. COBERTURAS

O número total de **doses de vacina antigripal administradas** na poboación galega ascendeu a **567.408** o que supón 27.712 doses máis que na campaña pasada, e que representa un 5 % máis de doses administradas que na tempada do 2017.

Para o cálculo da cobertura en persoas de 60 e máis anos, utilizouse como denominador os datos do padrón do 2018, facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

Na táboa 1 recóllense os obxectivos a conseguir en cada un dos grupos poboacionais, así como as coberturas acadadas por cada un destes grupos e a súa comparación co ano anterior.

Táboa 1. Coberturas vacinais fronte á gripe. Comparativa campañas 2017-2018

Grupos poboacionais obxectivo da campaña	Coberturas Campaña 2018		Coberturas Campaña 2017
	Obxectivo Instrución	% Acadada	% Acadada
Poboación de 65 ou máis anos	≥ 65 %	58,62	57,96 %
Poboación de 60 a 64 anos	≥ 35 %	25,02	23,85 %
Traballadores de centros sanitarios do SERGAS: Persoal médico e de enfermaría		46,04	38,85 %
Atención Primaria: Persoal médico e de enfermaría	> 40 %	55,27	46,35%
Atención Hospitalaria: Persoal médico e de enfermería		42,01	35,63 %
Embarazadas	≥ 40 %	52,22	26,12 %




2.1 Vacinación en persoas de 65 ou máis anos

Obxectivo: ≥ 65 %
Porcentaxe acadada: 58,62 %

O número de **doses de vacina antigripal administradas nas persoas de 65 ou máis anos** ascendeu a **394.442**, co que se acadou unha **cobertura do 58,62 %**, aumentando 0,66 puntos con respecto á do ano pasado (57,96 %). En números absolutos, vacináronse 8.472 persoas máis que na campaña anterior, o que representa un incremento dun 2,2 %. Non obstante, non se consegue o obxectivo establecido do 65 % pero se consolida a tendencia crecente dos últimos anos, segundo se observa na Gráfica 1.

Gráfica 1. Evolución da cobertura de vacinación antigripal en persoas de 65 ou máis anos en Galicia (%), no período 2001-2018





2.1.1 Por subgrupos de idade e sexo

Para a análise das coberturas de vacinación nas persoas de 65 ou máis anos de idade, subdividiuse a poboación en 3 grupos de idade (65-69, 70-74 e 75 ou máis anos), ademais de por sexos. Os resultados pódense ver na táboa 2 e na gráfica 2.

Táboa 2. Número de vacinas antigripais rexistradas e coberturas acadadas por subgrupos de idade e sexo.

Subgrupo de idade	Total de vacinados		Homes		Mulleres	
	Rexistradas	Cobertura (%)	Rexistradas	Cobertura (%)	Rexistradas	Cobertura (%)
65-69 anos	73.363	44,40	35.895	45,63	37.468	43,29
70-74 anos	88.373	57,15	42.462	59,79	45.911	54,91
75 ou máis	232.706	65,91	95.227	69,70	137.479	63,51

O subgrupo de **persoas de 75 ou máis anos** acadou, ao igual que en anos anteriores, a cobertura máis elevada, o **65,91 %**, superando o obxectivo establecido e incrementándose a cifra en máis de 1 punto con respecto a campaña anterior (64,80 %). Tamén cabe destacar a cobertura nesas mesmas idades en varóns, 69,70 %, que sobrepasa en case 5 puntos o obxectivo da campaña. Existe unha diferenza de máis de 6 puntos entre ambos os dous sexos xa que, aínda que se vacinan máis mulleres en términos absolutos, a poboación feminina nestas idades é maior.


No grupo de **70-74 anos** a cobertura foi do **57,15 %** (56,44 % no 2017), existindo unha diferenza de case 5 puntos entre as cifras acadadas en homes (59,79 %) e en mulleres (54,91 %), cun aumento da cobertura con respecto ao ano anterior de 0,93 e 0,52 puntos respectivamente.



No grupo de **65-69 anos** aínda que o número de doses administradas aumentou, a cobertura, **44,40 %**, descendeu lixeiramente (0,24 pts.) con respecto á campaña anterior (44,64 %), debido ao incremento do denominador.

Na gráfica 2 amósanse as coberturas acadadas por subgrupos de idade nas campañas 2017 e 2018.

Gráfica 2. Cobertura de vacinación antigripal en persoas de 65 ou máis anos, por subgrupos de idade. Comparativa campañas 2017-2018



Un ano máis o grupo de idade de 65 a 74 anos volveu ser o obxectivo do **“Programa de Promoción de Vacinación Antigripal”** do Servizo Galego de Saúde, coa captación da poboación non vacinada desa idade, a través de chamada telefónica desde o seu centro de saúde, por parte do persoal de enfermaría.

Así, na campaña 2018 efectuáronse **23.565 chamadas** a persoas deste grupo de idade que non tiñan recibido a vacina antigripal. Tras o contacto telefónico, 3.665 persoas **acudiron a vacinarse**, o que representa o **15,55 %** fronte ao 14,79 % do ano anterior (Véxase o anexo I).



2.1.2 Por provincias

As coberturas máis elevadas en persoas de **65 ou máis anos** correspóndenlles ás provincias do interior, acadándose o **62,41 % en Lugo e o 62,54 % en Ourense**; nelas, ademais, a poboación de 75 ou máis anos (a máis fidelizada) supera o obxectivo proposto: 70,19 % en Ourense e 68,92 % en Lugo. Na provincia da Coruña, este ano, tamén se supera o obxectivo cunha cifra do 65,40 %, segundo se observa na táboa 3.


Táboa 3. Número de vacinas rexistradas e coberturas acadadas por subgrupos de idade e provincia

	Grupos de idade							
	65-69		70-74		≥75		Total en ≥65	
	Rex.	Cobertura (%)	Rex.	Cobertura (%)	Rex.	Cobertura (%)	Rex.	Cobertura (%)
A Coruña	30.603	44,45	36.618	56,95	91.065	65,40	158.286	58,11
Lugo	9.708	47,47	11.654	59,49	38.448	68,92	59.810	62,41
Ourense	9.428	45,48	12.411	59,39	38.442	70,19	60.281	62,54
Pontevedra	23.596	42,75	27.672	55,51	64.708	62,66	115.976	55,68
GALICIA*	73.363	44,40	88.373	57,15	232.706	65,91	394.442	58,62

* Incluídas as persoas vacinadas nas que non consta a asignación á provincia.



Gráfica 3. Cobertura de vacunación antigripal en persoas de 65 ou máis anos, por provincias (%). Comparativa campañas 2017-2018



2.1.3 Por EOXI (Estrutura Organizativa de Xestión Integrada)


Tal e como se amosa na táboa 4 e na gráfica 4, **Ourense e Lugo** son as EOXI, nas que se acadan as porcentaxes máis elevadas cun **62,54 % e 62,41 %** de poboación de 65 ou máis anos vacinada. Con respecto á campaña pasada, destaca o incremento de 1,3 puntos da EOXI da Coruña, seguida de Lugo, que pasa do 61,60 % ao 62,41 %. Así mesmo, no resto das EOXI tamén se aumentan as cifras, aínda que en menor medida.



Táboa 4. Cobertura de vacinación antigripal en persoas de 65 ou máis anos (%). Comparativa campañas 2017-2018

	Cobertura (%)		Diferenza
	2017	2018	2018 – 2017
A Coruña	57,10	58,40	+ 1,30
Ferrol	56,88	57,46	+ 0,58
Santiago	57,72	58,16	+ 0,44
Lugo	61,60	62,41	+ 0,81
Ourense	62,32	62,54	+ 0,22
Pontevedra	56,27	56,69	+ 0,42
Vigo	54,01	54,64	+ 0,63
Galicia	57,96	58,62	+ 0,66

Gráfica 4. Cobertura de vacinación antigripal en persoas de 65 ou máis anos por EOXI (%)





2.2 Vacinación en persoas de 60 a 64 anos

Obxectivo: ≥ 35 %
Porcentaxe acadada: 25,02 %

O número de doses de vacina antigripal administradas nas persoas de **60 a 64 anos** foi de 43.858, acadándose unha cobertura do **25,02 %**, que queda lonxe do obxectivo proposto pero supera en máis de 1 punto ao dato da campaña pasada (23,85 %) con 2.664 persoas máis vacinadas, tal e como se amosa nas táboas 5 e 6.

A provincia onde se acadan os mellores resultados é a de Lugo (27,48 %). Pola súa melloría, cabe destacar o ascenso da Coruña, que incrementa a cobertura en 1,55 puntos, seguida de Lugo con 1,31 puntos máis e Pontevedra cun ascenso de 0,84 puntos.

Táboa 5. Número de persoas vacinadas e cobertura de vacinación antigripal en persoas de 60-64 anos, por provincias. Comparativa campañas 2017-2018

	2017		2018		Diferenza 2018 – 2017
	Nº persoas vacinadas	Cobertura (%)	Nº persoas vacinadas	Cobertura (%)	
A Coruña	16.941	23,61	18.325	25,16	+ 1,55
Lugo	5.852	26,17	6.267	27,48	+ 1,31
Ourense	4.892	23,88	5.055	24,37	+ 0,49
Pontevedra	13.487	23,20	14.157	24,04	+ 0,84
Galicia*	41.194	23,85	43.858	25,02	+ 1,17

*Incluídas as persoas vacinadas nas que non consta a asignación a provincia



Táboa 6. Número de persoas vacunadas e cobertura de vacinación antigripal en persoas de 60-64 anos, por EOXI. Comparativa campañas 2017-2018

	2017		2018		Diferenza 2018 – 2017
	Nº persoas vacinadas	Cobertura (%)	Nº persoas vacinadas	Cobertura (%)	
A Coruña	8.146	23,50	8.917	25,33	+ 1,83
Ferrol	2.977	22,54	3.160	23,60	+ 1,06
Santiago	6.950	24,57	7.435	25,89	+ 1,32
Lugo	5.852	26,17	6.267	27,48	+ 1,31
Ourense	4.892	23,88	5.055	24,37	+ 0,49
Pontevedra	4.682	24,73	4.985	26,12	+ 1,39
Vigo	7.673	22,05	7.985	22,61	+ 0,56
Galicia*	41.194	23,85	43.858	25,02	+ 1,17

*Incluídas as persoas vacunadas nas que non consta a asignación á EOXI


En todas as EOXI se incrementa a cobertura, destacando A Coruña cunha subida de 1,83 puntos con respecto ao ano anterior, a continuación sitúase Pontevedra (1,39 puntos), Santiago (1,32 puntos) e Lugo (1,31).

2.3 Vacinación en persoas menores de 60 anos


O número de persoas **menores de 60 anos** vacunadas foi de **129.108**, o que supón un aumento de 16.576 persoas con respecto ao pasado ano (112.532). Isto parece indicar unha mellora apreciable na cobertura nos grupos de risco, aínda que non se pode calcular debido a ausencia de denominadores claros para o seu cálculo nestes colectivos.



Gráfica 5. Evolución do número de persoas menores de 60 anos vacunadas de gripe en Galicia, período 2010-2018



2.4 Vacinación nas mulleres embarazadas



A cobertura estimada nas **mulleres embarazadas**, grupo prioritario da campaña, foi do **52,22 %** (6.508 mulleres vacunadas), o que supón máis de 26 puntos en comparación coa campaña anterior (26,12 %). Hai que sinalar o importante incremento da vacinación neste colectivo, dobrándose a cifra acadada no ano anterior e superando en máis de 12 puntos o obxectivo establecido do 40 %.

Para realizar o cálculo desta cobertura, utilizouse como denominador unha cifra estimada de mulleres embarazadas en base ao número de nacementos do Programa de detección precoz de enfermidades endocrinas e metabólicas no



período neonatal e das mulleres embarazadas susceptibles de ser vacinadas no transcurso da campaña.

2.5 Vacinación dos traballadores sanitarios do SERGAS. Coberturas persoal médico e de enfermaría.

Obxectivo: > 40 %
Porcentaxe acadada (persoal médico e de enfermaría): 46,04 %
Atención primaria: 55,27 %
Atención hospitalaria: 42,01 %

A cobertura do **46,04 %** acadada **no conxunto do persoal médico e de enfermaría do Sergas** supera en 6 puntos o 40 % establecido como obxectivo, cunha marcada diferenza nas cifras obtidas en atención primaria, 55,27 % e hospitalaria, 42,01 %.

O denominador utilizado para o seu cálculo foi a media diaria de profesionais sanitarios, datos facilitados polo servizo de Réxime Retributivo e Sistemas de Información do SERGAS para o ano 2018

Neste informe non se presenta a cobertura da categoría do resto de profesionais sanitarios do Sergas cuxa vacinación se rexistra baixo a epígrafe “Outro persoal” xa que a variabilidade deste persoal e do seu ámbito de traballo, non permite unha interpretación fiable do resultado.


Tal e como se amosa na gráfica 6, a cobertura global do persoal médico e de enfermaría pasou do 38,85 % do 2017 ao 46,04 % obtido no 2018, experimentando un incremento moi significativo de máis de 7 puntos. En relación ao 2014, a cobertura destes colectivos foi aumentando ano a ano



subindo do 18,27 % ao 46,04 % o que supón un incremento aproximado de 28 puntos.

A evolución deste dato considérase moi positiva e pon de releve a implicación deste colectivo coa vacinación e o importante labor de concienciación realizado neste colectivo.

Gráfica 6. Evolución da vacinación antigripal no persoal sanitario (persoal médico e de enfermaría) do Sergas no período 2014-2018




Segundo se pode observar na gráfica 7, a porcentaxe de **persoal médico e de enfermaría de Atención Primaria** foi do **55,27%**, o que supón un considerable aumento nesta tempada, superando en máis de 15 puntos o obxectivo, e aumentando case 9 puntos con respecto ao ano pasado (46,35 %).

En **Atención Hospitalaria**, a **cobertura conxunta acadada no persoal médico e de enfermaría do Sergas** foi do **42,01 %**, superando en 2 puntos o obxectivo, cunha melloría de máis de 6 puntos con respecto a campaña do ano pasado (35,63 %).



Gráfica 7. Evolución das coberturas globais de vacinación antigripal (persoal médico e de enfermaría do SERGAS) en Atención Primaria e Atención Hospitalaria, período 2014-2018




Tal e como figura nas gráficas 8 e 9, o persoal de enfermaría de Atención Primaria é o máis concienciado coa súa vacinación, acadando a cobertura máis elevada (60,23 %), porén, no ámbito hospitalario a súa cobertura é a máis baixa (35,31 %) e a de menor crecemento con respecto ao ano previo.


No persoal médico, a vacinación non parece depender do tipo de centro no que desenvolve a súa actividade, xa que é moi similar en Atención Primaria (51,21 %) que en Atención Hospitalaria (51,86 %).



Gráfica 8. Evolución das coberturas de vacinación antigripal no persoal médico e de enfermaría do Sergas en **Atención Primaria** segundo a categoría profesional, período 2014-2018




Gráfica 9. Evolución das coberturas de vacinación antigripal no persoal médico e de enfermaría nos **hospitais** do Sergas segundo a categoría profesional, período 2014-2018





A avaliación das **coberturas globais do persoal médico e de enfermaría do Sergas en Atención Primaria por EOXI**, tal e como pode observarse na Gráfica 10, mostra que na EOXI da Coruña acádase a cobertura conxunta do persoal médico e de enfermaría máis elevada, 65,40 %, ao igual que acontecera na campaña pasada (56,12 %). No resto das EOXI, as cifras superan amplamente o 40 % establecido como obxectivo e destaca o incremento experimentado por Ferrol, que sube máis de 14 puntos (58,49 % fronte ao 44,34 % do 2017). Nas EOXI de Vigo, Ourense, Pontevedra e Santiago tamén se experimentan acusados incrementos, cuns ascensos de 10,05 puntos, 9,85 puntos, 8,60 puntos e 7,72 puntos respectivamente. Lugo é a EOXI co menor crecemento con respecto á campaña anterior, 4,85 puntos, e na que se acada a cobertura máis baixa, 45,72 %, porén, supera en máis de 5 puntos o obxectivo establecido do 40 %.


Gráfica 10. Coberturas de vacinación antigripal global do persoal médico e de enfermaría do Sergas en Atención Primaria, por EOXI





En **Atención Hospitalaria**, as mellores **coberturas globais do persoal médico e de enfermaría** son as das EOXI da Coruña (45,93 %) e e Lugo (45,28 %). Asemade, na de Ferrol pásase dun 21,50 % de cobertura no 2017 a un 39,88 % no 2018, sendo a EOXI que máis incrementa a súa vacinación (18,38 puntos) seguida de Vigo (11,79 puntos).

Gráfica 11. Coberturas de vacinación antigripal global do persoal médico e de enfermaría nos hospitais do Sergas, por EOXI



Por categoría profesional, cabe destacar que o persoal médico de **Atención Primaria do Sergas** consegue a cobertura máis elevada nas EOXI da Coruña (58,28 %) e de Ferrol (56,49 %), dándose os maiores incrementos na vacinación nas de Ferrol, Pontevedra e Coruña, cun aumento de 16,22 puntos, 14,11 puntos e 13,23 puntos respectivamente.


Pola súa adhesión á campaña de vacinación, destaca o persoal de enfermaría de Atención Primaria, e dentro deste colectivo especialmente a EOXI da



Coruña, onde se vacinaron 3 de cada 4 traballadores, acadando unha cobertura do 75,54 %. As EOXI de Ferrol (11,63 puntos), Vigo (10,19 puntos) e Ourense (9,09 puntos) son nas que se producen os maiores incrementos con respecto á campaña anterior (40,27 %, 40,73 % e 35,53 %).

Na Gráfica 12 e na táboa 7 amósanse as coberturas de persoal sanitario (médico e de enfermaría) por EOXI en Atención Primaria.

Gráfica 12. Coberturas de vacinación antigripal en **Atención Primaria**, por categoría profesional e por EOXI





Táboa 7. Cobertura de vacinación no persoal médico e de enfermaría de Atención Primaria do Sergas, por EOXI

	Persoal médico vacinado	Total persoal Médico	Cobertura Persoal Médico (%)	Persoal enfermaría vacinado	Total persoal enfermaría	Cobertura persoal enfermaría (%)	Cobertura Global
Coruña	372	638	58,28	339	449	75,54	65,40
Ferrol	127	225	56,49	129	213	60,60	58,49
Santiago	276	545	50,68	275	452	60,87	55,30
Lugo	225	506	44,43	202	428	47,24	45,72
Ourense	206	449	45,88	186	364	51,06	48,20
Pontevedra	191	348	54,91	176	294	59,93	57,21
Vigo	327	656	49,88	356	562	63,32	56,08
Total	1.724	3.367	51,21	1.663	2.761	60,23	55,27

Na Gráfica 13 e na Táboa 8 figuran os datos do persoal médico e de enfermaría vacinado nos hospitais do Sergas.

Destaca, pola súa vacinación, o persoal médico hospitalario da EOXI de Lugo (56,33 %) , así como Ferrol, cun incremento da vacinación de 19,74 puntos, 17,26 en Vigo e entorno aos 11 puntos en Lugo (10,69) Ourense (10,49) e Pontevedra (10,47).


O persoal de enfermaría hospitalaria é o colectivo onde, con diferenza, as coberturas son peores. Tan só na EOXI da Coruña, cunha cobertura do 40,22 %, se acada o obxectivo establecido de cobertura superior ao 40 %. Na EOXI de Santiago mantense practicamente a mesma cobertura que no ano anterior, 34,01 % (32,82 % no 2017) e na de Pontevedra redúcese en case 8 puntos, pasando do 44,90 no 2017 ao 37,02 % no 2018.



Porén, Ferrol destaca polo gran incremento na súa cobertura, que pasa dun 19,32 % no 2017 ao 36,81 % no 2018, practicamente dobrándoa dunha campaña a outra. En Vigo e en Lugo os incrementos na vacinación son duns 8 puntos entre ambas campañas (8,27 e 8,07 respectivamente).

En Ourense a vacinación antigripal no persoal de enfermaría hospitalaria é moi baixa, tan só se vacina o 22,43 % do colectivo.

Gráfica 13. Coberturas de vacinación antigripal en **hospitais** do Sergas, por categoría profesional e por EOXI





Táboa 8. Cobertura de vacinación no persoal médico e de enfermaría de Atención Hospitalaria do Sergas


	Persoal médico vacinado	Total persoal Médico	Cobertura Persoal Médico (%)	Persoal enfermaría vacinado	Total persoal enfermaría	Cobertura persoal enfermaría (%)	Cobertura Global
Coruña	597	1089	54,82	683	1698	40,22	45,93
Ferrol	178	406	43,88	195	530	36,81	39,88
Santiago	613	1113	55,08	474	1394	34,01	43,36
Lugo	422	749	56,33	474	1229	38,55	45,28
Ourense	293	697	42,04	255	1137	22,43	29,88
Pontevedra	318	626	50,82	337	910	37,02	42,64
Vigo	526	1003	52,46	535	1464	36,54	43,01
Total	2.947	5.682	51,86	2.953	8.362	35,31	42,01

3. RENUNCIAS

No desenvolvemento da campaña ofertóuselle a vacina antigripal ás persoas pertencentes a grupos de risco. Segundo consta na súa historia clínica, 30.893 persoas a rexeitaron, 27.926 persoas de 65 ou máis anos, o que supón o **4,15 %** que pola súa idade a tiñan indicada, cifra inferior en case 1 punto con respecto á campaña anterior (5,01 %).



Gráfica 10. Número de renuncias á vacinación antigripal en persoas de 65 ou máis anos, por EOXI (%). Comparativa campañas 2017-2018



Na EOXI da Coruña é onde se rexistran menos renuncias (2,45 %), alcanzándose as cifras máis elevada en Vigo (7,20 %). Se comparamos os datos entre as 2 últimas campañas, podemos comprobar que en todas as EOXI diminuíu a porcentaxe de renuncias, destacando Pontevedra cunha baixada duns 3 puntos e Ferrol con 1,51 puntos con respecto ao ano anterior.

4. CUSTOS

Os custos directos da campaña foron de 2.277.055 €, dos que 2.239.120 € corresponderon á compra de produtos vacinais e 37.935 € á provisión de material para a promoción da campaña nos centros sanitarios, distribuíndose nesta campaña e por primeira vez chapas co lema “Eu vacineime. E ti?” para singularizar os profesionais comprometidos coa vacinación. Estas cifras non





inclúen a promoción nos medios de comunicación, os custos loxísticos nin os derivados da atención sanitaria.



5. CONCLUSIÓNS

1. A cobertura na poboación de 65 ou máis anos foi do 58,62 % (394.442 persoas), o que supón un lixeiro incremento de 0,66 puntos con respecto ano anterior (57,96 %), polo que non se consegue o obxectivo marcado do 65 %. Non obstante, consolídase a tendencia crecente dos últimos anos.
2. A poboación de 75 ou máis anos acada a cobertura máis elevada, o 65,91 %, superando o obxectivo establecido e aumentando en máis de 1 punto con respecto á campaña anterior (64,80 %). A cobertura dos homes neste subgrupo de idade é de máis de 6 puntos superior ao das mulleres (69,70 % vs. 63,51 %). As persoas de entre 65 e 69 anos son ás que menos se vacinan, a súa cobertura é do 44,40 %.
3. Dentro do Programa de promoción da vacinación antigripal do SERGAS, dirixido á poboación de 65 a 74 anos non vacinada previamente, o persoal de enfermaría de Atención Primaria contactou telefonicamente con 23.565 persoas, das que posteriormente acudiron a vacinarse 3.665, o que representa o 15,55% fronte ao 14,79 % do ano anterior.
4. Ourense e Lugo mantéñense como as EOXI coas mellores coberturas, cun 62,54 % e 62,41 % respectivamente na poboación de 65 ou máis anos; destaca o incremento de 1,3 puntos da Coruña.
5. A cobertura nas persoas de 60 a 64, o 25,02 %, supera en máis dun punto a do ano anterior (23,85 %).
6. O número de persoas menores de 60 anos vacinadas foi de 129.108, 16.576 máis que na campaña anterior. Isto parece indicar unha melloría apreciable na cobertura nos grupos de risco.



7. A cobertura estimada nas mulleres embarazadas foi do 52,22 % (6.508 mulleres vacinadas), dobrándose a cifra acadada no ano anterior (26,12 %) e superando en máis de 12 puntos o obxectivo establecido.
8. A vacinación global do persoal médico e de enfermaría do Sergas na campaña do 46,04 %, experimentando un incremento moi significativo de máis de 7 puntos, con respecto ao ano anterior (38,85 %) e superando en máis de 16 puntos o obxectivo do 40 %.

Nos profesionais de atención primaria conséguese unha cobertura do 55,27 %, e unha melloría de case 9 puntos con respecto ao ano anterior (46,35 %).

Na Atención Hospitalaria a cobertura acadada foi do 42,01 %, superando en 2 puntos o obxectivo, cunha melloría de máis de 6 puntos con respecto a campaña anterior (35,63 %).

O persoal de enfermaría de Atención Primaria é o máis concienciado coa súa vacinación, 60,23 %; porén, no ámbito hospitalario a súa cobertura é a máis baixa (35,31 %) e francamente mellorable.

No persoal médico, a vacinación é moi similar en Atención Primaria (51,21 %) que en Hospitalaria (51,86 %).

A avaliación das coberturas globais do persoal médico e de enfermaría por EOXI mostra que, en Atención Primaria, A EOXI da Coruña acada a cobertura máis elevada, o 65,40 %. No resto das EOXI, as cifras superan o obxectivo establecido (> 40 %). Destaca o incremento experimentado por Ferrol, que sube máis de 14 puntos (58,49 % fronte ao 44,34 % do 2017).



En Atención Hospitalaria, as mellores coberturas do persoal médico e de enfermaría son as de Coruña (45,93 %) e e Lugo (45,28 %). Destaca a melloría da EOXI de Ferrol que pasa dun 21,50 % no 2017 a 39,88 % no 2018.

O persoal médico hospitalario da EOXI de Lugo destaca pola súa vacinación cunha cobertura do 56,33 %, así como o de Ferrol, cun incremento da vacinación de 19,74 puntos, 17,26 en Vigo e entorno aos 11 puntos en Lugo (10,69) Ourense (10,49) e Pontevedra (10,47).

O persoal de enfermaría hospitalaria é o colectivo onde, con diferenza, as coberturas son peores. Tan só en Coruña, cunha cobertura do 40,22 %, se acadada o obxectivo establecido do 40 %. Santiago mantén practicamente a mesma cobertura que no ano anterior, 34,01 % no 2018 fronte á acadada no 2017, o 32,82 %. Porén, Ferrol destaca polo gran incremento na súa cobertura, que pasa dun 19,32 % no 2017 ao 36,81 % no 2018, practicamente dobrándoa dunha campaña a outra. En Ourense a vacinación antigripal no persoal de enfermaría hospitalaria é moi baixa, tan só se vacina o 22,43 % do colectivo.

A vacinación da enfermaría hospitalaria debería ser unha prioridade dentro da promoción da vacinación do persoal sanitario, dado o seu estreito contacto con pacientes de alto risco.




ANEXO I: PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA VACINACIÓN ANTIGRI PAL 2018 (PVGRI)

Este ano 2018, continuouse co programa de “Promoción da Vacina Antigripal” que fai promoción activa da vacinación entre os pacientes de 65 a 74 anos, a través dos profesionais de enfermaría de atención primaria.

A partires da 3ª semana da posta en marcha da campaña, o persoal de enfermaría de atención primaria recibe, de forma automatizada, na Historia Clínica Electrónica de Galicia (IANUS), unha listaxe denominada “Promoción vacina gripe. Os meus pacientes pendentes de 65 a 74”, que se actualiza semanalmente, de forma automatizada, cos pacientes de entre 65 e 74 anos que non teñen rexistrada a vacinación antigripal nin cita para vacinarse.

A continuación, cítase ao paciente na axenda da enfermeira responsable, co acto denominado “PVGRI” un número predeterminado de pacientes (escollido pola enfermeira) para consulta telefónica de entre os da lista recibida.

Máis tarde, este persoal informa a través da consulta telefónica, acerca da importancia de vacinarse e os riscos que conleva non facelo, e ofrecéselle a posibilidade de acudir a vacinarse. Se aceptan, se lles facilita unha cita presencial e posteriormente, na data acordada, procédese a vacinación e ao seu rexistro.





Táboa nº 1. N.º chamadas do programa PVGRI. N.º e porcentaxe de vacinas administradas tras a chamada (PVGRI/GRI).

EOXI	Chamadas PVGRI	Nº de vacinas PVGRI/GRI sobre chamadas PVGRI	Porcentaxe de vacinas PVGRI/GRI sobre chamadas PVGRI
A CORUÑA	3.541	512	14,46%
FERROL	1.451	231	15,92%
LUGO	1.975	251	12,71%
OURENSE	2.708	428	15,81%
PONTEVEDRA	1.920	350	18,23%
SANTIAGO	2.095	420	20,05%
VIGO	9.868	1.473	14,93%
TOTAL	23.565	3.665	15,55%

Táboa nº 2. N.º e porcentaxe de centros de saúde que participaron na PVGRI.

EOXI	CS Total	CS PVGRI	Porcentaxe Participación CS PVGRI
A CORUÑA	70	29	41,43%
FERROL	28	18	64,29%
LUGO	83	26	31,33%
OURENSE	103	54	52,43%
PONTEVEDRA	44	26	59,09%
SANTIAGO	71	30	42,25%
VIGO	51	40	78,43%
TOTAL	450	223	49,56%



ANEXO II:

CARACTERÍSTICAS DA TEMPADA DE GRIPE 2018/19


A actividade gripal víxíase por diferentes sistemas de vixilancia:

- A ratio calculada entre os rexistros de gripe semanais efectuados polos médicos de atención primaria e os médicos que as rexistraron. O limiar desta ratio que marca o inicio da onda é 1'6. Esta ratio axuda a coñecer o momento de inicio da onda e a súa intensidade, e a facer a predición do seu cumio.
- O número de chamadas semanais ao 061 de gripe e máis IRA. O limiar que marca o inicio da onda é 166 chamadas semanais por gripe e máis IRA. Esta información axuda a coñecer o momento de inicio da onda e a súa intensidade, e a facer a predición do seu cumio.
- O sistema de vixilancia microbiolóxica (no que participan 4 hospitais: CHUAC, CHOU, CHOP e CHUVI) permite coñecer o virus gripal que predomina en cada tempada.
- O sistema de vixilancia de ingresos con gripe confirmada, axuda a coñecer a gravidade (en termos de ingreso hospitalario, ingreso en UCI e letalidade), o impacto sobre o sistema sanitario e identificar as características epidemiolóxicas das formas graves da enfermidade.

A vixilancia da tempada de gripe 2018/19 iniciouse na semana 40/2018. O inicio da onda nesta tempada foi, segundo a ratio calculada cos datos recollidos dende atención primaria, na semana 02/2019 (que rematou o 13/01/2019), e o cumio acadouse na semana 06/2019 (que rematou o 10/02/2019) cunha ratio de 2'54; un valor moi próximo ao acadado nas dúas semanas anteriores (2'52 na semana 04/2019 e 2'49 na semana 05/2019) (figura 1). Nestas tres



semanas, o número de gripes rexistradas foi, de media, 3.026 por semana (rexistrados por, de media, 1.203 médicos de atención primaria).




Como se pode observar pola figura 1, a ratio acadou o cumio nun nivel menor ao das dúas tempadas anteriores, e próximo ao das tempadas 2013/14 e 2015/16 (nas que predominou o virus AH1).

Por outra banda, nesta tempada 2018/19 a onda tivo unha duración de 9 semanas, dende a semana epidemiolóxica 02/2019 ata a semana 10/2019. Esta duración entra dentro do esperado. A duración das ondas das tempadas pasadas foron dende 8 semanas, na tempada 2016/17, a 16 semanas na tempada 2014/15.

Co sistema de **vixilancia das chamadas semanais ao 061 por gripe e máis IRA**, non se observou unha onda clara (tal e como recolle o figura 2). A onda foi de moita menor intensidade que as observadas nas dúas tempadas anteriores, aínda que moi parecida a observada nas tempadas 2013/14 e 2015/16, nas que circulou o AH1 (figura 3).




Figura 2: Chamadas semanais ao 061 por gripe e máis IRA





O sistema de vixilancia microbiolóxico deu conta dun total de 2.599 mostras positivas para o virus da gripe A, o que supuxo un 22% global de positividade. Do total de mostras positivas subtípadas, o 40% foron AH1 e o 60% foron AH3. Esta tempada foi a primeira na que houbo unha clara cocirculación de AH3 e AH1 (figura 4).



Nesta tempada 2018/19 non houbo apenas circulación por virus da gripe B, para o que, as mostras analizadas, resultaron positivas en tan so o 0'22%.

Pola súa banda, o sistema de vixilancia de ingresos con gripe confirmada amosou, igual que resto dos sistemas de vixilancia, un descenso no número de casos notificados. Nesta tempada, o número de ingresos con gripe confirmada foi, a semana 16/2019, de 2.285. O número total de ingresados a semana 16/2018, na tempada pasada, fora de 3.803, 1'6 veces mais que na tempada actual.



Comparados cos datos rexistrados en outras tempadas de predominio de AH1, o número de ingresos foi maior na tempada actual, pero o criterio de toma de mostra tamén foi mudando co tempo, solicitándose cada vez máis mostras, e a comparación de por si é difícil de facer.

O 6% dos ingresos requiriron asistencia en uci, valor que indica unha certa estabilidade nas tres últimas tempadas, fronte aos valores maiores que se observaron nas tempadas do 2015/16 para atrás. Clasificados como doentes con factores de risco para ter unha gripe complicada e/ou idade para ter recomendada a vacina foron o 89%, dos que o 48% que a tiñan indicada non estaban vacinados. Cos datos dispoñibles no momento da elaboración deste informe, o número de éxitus supuxo un 5% de letalidade, que é a porcentaxe máis baixa observada dende a tempada 2012/13. Do total de éxitus, o 56% (N=68) dos casos foron éxitus por gripe e o 44% con gripe.

En resumo, a tempada actual 2018/19 foi de menor intensidade e menor gravidade en canto a número de ingresos que as previas, cunha cocirculación mixta de AH1 e AH3.

